

1.- Segundo o art. 9.3 da Constitución Española de 1978, a Constitución garantiza:

- a) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a irretroactividade das normas, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a prohibición da arbitrariedade dos poderes públicos.
- b) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a prohibición da arbitrariedade dos poderes públicos.
- c) A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais, e o carácter aconfesional do Estado.

2.- Segundo o artigo 53 da Constitución Española de 1978 non é un dereito fundamental susceptible de recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional:

- a) A propiedade privada
- b) A obxección de conciencia
- c) O dereito de asociación

3.- Segundo o artigo 1 do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan:

- a) Da Constitución, do presente Estatuto e do pobo
- b) Do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente
- c) Da Constitución, do presente Estatuto e das Leis que o desenvolven

4.- Segundo dispón o artigo 30 da Lei 39/2015:

- a) Aínda que o último día do prazo sexa inhábil, considerarase hábil para os efectos do cómputo de prazos.
- b) Cando o último día do prazo sexa inhábil, considerarase que o prazo finaliza no día hábil inmediatamente anterior.
- c) Cando un día fose hábil no municipio ou Comunidade Autónoma en que residise o interesado, e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa, considerarase inhábil en todo caso.

5.- Segundo dispón o artigo 47 da Lei 39/2015, serán nulos de pleno Dereito os actos administrativos:

- a) Ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- b) Cando así o estableza expresamente unha disposición con rango inferior á Lei.
- c) No caso de que fosen ditados por órgano incompetente por razón de xerarquía.

6.- De conformidade co artigo 24 da Lei 39/2015, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, a desestimación por silencio administrativo:

- a) Ten para todos os efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento.
- b) Ten os sós efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo.
- c) Ten os sós efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo.

7.- Segundo o art. 19.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Alcalde é elixido:

- a) En todo caso, polos concelleiros da Corporación, nos termos que estableza a lexislación electoral xeral.
- b) En todo caso, polos veciños, nos termos que estableza a lexislación electoral xeral.
- c) Polos concelleiros ou polos veciños, nos termos que estableza a lexislación electoral xeral.

8. De acordo co artigo 20 da Lei 7/1985, existen en todos os concellos...

- a) O alcalde e o pleno.
- b) O alcalde, a xunta de goberno e o pleno.
- c) O alcalde, os tenentes de alcalde e o pleno.

9. Corresponde a xefatura superior do persoal, nos concellos, a...

- a) O pleno.
- b) O alcalde.
- c) A xunta de goberno.

10.- Segundo o art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, as Ordenanzas municipais son aprobadas::

- a) Inicialmente, por providenza da Alcaldía.
- b) Inicialmente, polo Pleno da Corporación.
- c) Definitivamente, pola Subdelegación do Goberno.

11.- Segundo o art. 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, os acordos das Corporacións Locais adóptanse, como regra xeral:

- a) Por maioría simple do número legal de membros da Corporación.
- b) Por maioría simple do número de membros presentes da Corporación.
- c) Por maioría absoluta do número legal de membros presentes da Corporación.

12.- Nun municipio de réxime común, o bando, segundo o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local:

- a) Corresponde á Alcaldía en todos os casos.
- b) Depende da distribución de competencias establecida na lei de Bases de Réxime Local
- c) Depende da distribución de competencias establecida na lei sectorial

13.- Segundo o art. 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as ordenanzas fiscais entrarán en vigor:

- a) Desde a data de aprobación definitiva das mesmas polo Pleno da Corporación.
- b) Unha vez publicada a aprobación definitiva das mesmas no Boletín Oficial da Provincia.
- c) Unha vez publicada a aprobación definitiva das mesmas no Boletín Oficial da Provincia, e transcurrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de bases do réxime local.

14.- Segundo o art. 2.2 da Lei 9/2007, do 13 de decembro, subvencións de Galicia, cal dos seguintes supostos non ten carácter de subvención:

- a) As bolsas e axudas de estudo.
- b) As prestacións recoñecidas polo Fondo de Garantía Salarial.
- c) As axudas ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o mantemento da entidade e a consecución dos seus fins.

15.- Segundo o artigo 25.1 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, son contratos administrativos:

- a) Os de obra, concesión de obra, xestión de servizos públicos, subministración e servizos
- b) Os de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos
- c) Os de obra, concesión de obra pública, xestión de servizos públicos, subministración, servizos e colaboración entre o sector público e o sector privado

16.- As medidas específicas en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes, segundo a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, son:

- a) Medidas de discriminación directa
- b) Medidas de acción positiva
- c) Medidas de equidade de xénero

17.- O título II da lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero recolle entre os dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero:

- a) Dereito a información, asistencia social integral, asistencia xurídica gratuíta e dereitos laborais
- b) Dereito das funcionarias públicas e dereitos económicos
- c) Todas son correctas

18.- Segundo o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, que regula o funcionamento dos Centros de Información ás Mulleres en Galicia, estes centros deben contar como mínimo co seguinte persoal cualificado:

- a) Director/a, asesor/a xurídico/a, asesor/a psicolóxico/a, traballador/a social e axente de igualdade
- b) Director/a, asesor/a xurídico e axente de igualdade
- c) Director/a, asesor/a psicolóxico, asesor/a xurídico/a

19.- As obrigas establecidas no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes inclúe a:

- a) Toda persoa, física ou xurídica, que se encontre ou actúe en territorio español, calquera que sexa a súa nacionalidade, domicilio ou residencia.
- b) Toda persoa, física ou xurídica, que se encontre ou actúe en territorio español e que teña nacionalidade española
- c) Calquera persoa que resida de xeito legal en España

20.- Segundo o artigo 4 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade entre mulleres e homes:

- a) Terán carácter permanente
- b) Considéranse medidas discriminatorias
- c) Non se considerarán medidas discriminatorias

21.- A opinión ou prexuízo xeneralizado acerca de atributos ou características que homes e mulleres posúen ou deberían posuír ou das funcións sociais que ambos desempeñan ou deberían desempeñar denomínase

- a) Patriarcado
- b) Roles de xénero
- c) Estereotipos de xénero

22.- Quen pode solicitar unha Orde de Protección?

- a) A vítima de actos de violencia e/ou o Ministerio fiscal
- b) Os familiares da vítima e/ou as entidades ou organismos asistenciais
- c) A e b son correctas

23.- Respecto ao ámbito de prestación de servizos dos CIM:

- a) Os diferentes servizos que presten os CIM serán dispensados a calquera persoa que os solicite, sen poder exixirse que teña a condición de persoa empadroada ou residente no concello
- b) Esixe que a persoa que demanda a atención estea empadroada no concello
- c) Esixe que a persoa que demanda a atención teña permiso de residencia legal en España

24.- O ciclo da violencia de xénero, definido pola psicóloga Leonore Walker, inclúe algunha das seguintes fases:

- a) Fase de negación
- b) Fase de reconciliación ou lúa de mel
- c) Fase de depresión

25.- Segundo a lei 13/2018, o sistema galego de servizos sociais de Galicia estruturase en:

- a) Servizos sociais comunitarios e especializados
- b) Servizos sociais primarios e especiais
- c) Ningunha é correcta

26.- A utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino denomínase:

- a) Linguaxe de xénero
- b) Uso non sexista da linguaxe
- c) Socialización diferencial escrita

27.- Entre as funcións de dirección do CIM atópanse:

- a) Información e asesoramento ao colectivo LGTBI
- b) Atención individualizada e seguimento ás persoas usuarias mediante o asesoramento persoal, telefónico ou por escrito
- c) Todas son correctas

28.- Segundo o Real Decreto Lei 9/2018 de medidas urxentes de desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero a acreditación dunha situación de violencia de xénero pode realizarse:

- a) Unicamente con sentenza xudicial firme e/ ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia
- b) Con informe dos servizos sociais, dos servizos especializados, ou dos servizos de acollida destinados a vítimas
- c) Ningunha é correcta

29.- Denomínase así á diferenza existente entre a remuneración percibida polos traballadores de ámbolos sexos, calculada sobre a base da diferenza media entre os ingresos brutos por hora de tódolos traballadores

- a) Brecha salarial de xénero
- b) Segregación vertical
- c) Teito de cristal

30.- O instrumento que concentra nunha única e inmediata resolución xudicial a adopción de medidas de protección e seguridade de natureza penal e civil, e activa ó mesmo tempo os mecanismos de asistencia e protección social establecidos a favor da vítima polo Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais é:

- a) Renta activa de inserción
- b) Orde de protección
- c) ATENPRO

31.- Segundo o artigo 1 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e a normativa que a desenvolve, a violencia de xénero é:

- a) Todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade
- b) A violencia que co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres exérxase sobre os seus familiares ou achegados menores de idade
- c) A e b son correctas

32.- É una función dos CIM, segundo o Decreto 130/2016, o fomento do asociacionismo do colectivo LGTBI e de actividades encamiñadas á súa integración efectiva en todos os ámbitos da vida social e económica.

- a) Si
- b) Non
- c) Si, se non hai un departamento de participación cidadá no concello

33.- A Rede Galega de Acollemento:

- a) Encárgase do seguimento das ordes de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero ditadas polos xulgados galegos
- b) Está configurada como unha rede de recursos, residenciais e temporais, que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás e os menores ao seu cargo
- c) É o servizo encargado na Comunidade Autónoma de Galicia do traslado das mulleres e menores a centros de acollida cando for preciso

34.- Considérase así a situación en que se encontra unha persoa que sexa, fose ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de maneira menos favorable que outra en situación comparable.

- a) Discriminación directa por razón de sexo
- b) Socialización diferencial
- c) Ningunha é correcta

35.- De acordo co artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o concepto de discriminación incluirá:

- a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual
- b) O acoso moral por razón de xénero non se distingue do acoso sexual
- c) Soamente o acoso sexual

36.- A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no seu artigo 17 de medidas de prevención e a favor da visibilidade establece que os gobernos locais:

- a) Poderán establecer programas de información dirixidos ás familias ao obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares e de combater a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero no ámbito familiar.
- b) Os servizos de LGTBI municipais, atenderán e darán apoio ás vítimas de discriminación no ámbito familiar, e terán especial consideración cos casos de violencia doméstica ou con aqueles en que se encontren implicados os grupos de persoas LGTBI máis vulnerables.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

37.- No artigo 3 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, establece que aos efectos desta Lei:

- a) Entenderase por principio de igualdade de trato a ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón de sexo ou xénero
- b) Existirá discriminación indirecta cuando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desventaxa particular a persoas por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.
- c) Existirá discriminación directa cando unha persoa sexa, tivera sido ou puidiera ser tratada de maneira máis favorable que outra en situación análoga ou comparable por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

38.- Aos efectos da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, considerase unha forma de violencia a seguinte:

a) Violencia física, que inclúe determinados actos de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa ou tivera sido o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivera ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia. Igualmente, terán a consideración de actos de violencia física contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar ou do seu contorno social e/ou laboral.

b) Violencia psicolóxica, que inclúe toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, exixencia de obediencia ou sumisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa ou tivera sido o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivera ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

c) Violencia económica, que inclúe a privación intencionada ou non, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella

39.- No artigo 6 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, refire con respecto ao deseño, elaboración e difusión de campañas:

a) As campañas que se desenvolvan adicarán atención específica á sensibilización a á formación da poboación xuvenil na prevención e identificación de actitudes que constitúan actos de violencia de xénero, con especial incidencia na violencia de xénero dixital.

b) Diseñaranse campañas específicas que teñan en conta as circunstancias que dificultan ás mulleres do ámbito rural o acceso á información, colaborando no desenvolvemento das mesmas coas asociacións de mulleres rurais.

c) As respostas a) e b) son correctas.

40.- O Título III da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, adicado á organización do sistema de protección e asistencia integral especializada, regula os seguintes recursos:

a) Puntos de coordinación das ordes de protección, levarán a cabo un seguimento individualizado de cada caso, poñéndose en comunicación coas mulleres que posúan unha orde de protección, coa finalidade de facilitarlles tanta información demanden e articular unha actuación ordeada dos servizos asistenciales e de protección

b) Puntos de encontro familiar, coa finalidade de ofertar ás mulleres que sofren violencia de xénero información e apoio para que poidan exercer os dereitos que lles reconece a lexislación vixente.

c) Creación de oficinas de atención ás vítimas de delitos, que serán as encargadas de recibir a comunicación da totalidade das ordes de protección que se dictan no territorio de Galicia.

41.- No Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas de Violencia de Xénero (ATENPRO):

- a) É causa de baixa no servizo o cambio de municipio de residencia das usuarias, así como que as usuarias non teñan medidas de protección en vigor.
- b) Poderán solicitar o servizo as vítimas de violencia de xénero que cumpran os seguintes requisitos: non convivir coa persoa ou persoas que as someteran a maltrato; participar nos programas de atención especializada para vítimas de violencia de xénero e cando a muller teña unha medida de protección en vixencia.
- c) Poderán incorporarse ao servizo os fillos e fillas das usuarias cando se considere necesario polos Servizos de Igualdade locais ou os Centros de Servizos Sociais, e estean participando no proceso de recuperación integral.

42.- No Servizo Telefónico de Atención e Protección para Vítimas da Violencia de xénero (ATENPRO), é unha función dos Servizos de Igualdade ou Centros de Servizos Sociais:

- a) Elaborar o listado mensual de usuarias de alta no seu ámbito e remitilo á entidade prestadora do servizo.
- b) Verificar que a solicitante cumpre os requisitos para acceder ao servizo, así como valorar a idoneidad do servizo para cada caso concreto.
- c) Informar das características, funcionamento e mantemento do terminal e das súas obrigacións como usuarias.

43.- Dentro dos recursos dirixidos ás mulleres que sofren violencia de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade está a Rede Galega de Acollemento, que dispón dun protocolo de acceso que ten por obxecto establecer os procedementos de acceso das mulleres, das súas fillas e fillos e outras persoas dependentes delas. Segundo o citado protocolo as entidades derivantes deberán proceder da forma seguinte:

- a) En horario de 9:00 a 21:00 horas, de luns a venres, a entidade derivante contactará co Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero, ou co Teléfono de Información ás Mulleres 24 horas, que actuarán como centros coordinadores.
- b) O acceso urxente á Rede Galega de Acollemento tenrá lugar cando a seguridade da muller se vexa gravemente ameazada e por razón da súa protección, a entidade derivante determine unha situación de emerxencia. Unha vez remitida toda a documentación, o Centro Coordinador realizará cantas xestións sexan precisas para, nun prazo máximo de 24 horas facilitar á entidade derivante os datos do recurso de acollida dispoñible para aloxar á muller e ás persoas que a acompañen e os contactos no mesmo ou a denegación de tal solicitude.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

44.- As bases reguladoras da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero especifican que serán requisitos necesarios para ser beneficiaria:

- a) Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor.
- b) Para os efectos desta axuda, tamén terán a consideración de vítimas de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia por interpósita persoa con resultado de morte.
- c) As respostas a) e b) son correctas.



45.- Segundo a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Ley de Enxuciamento Civil, a efectos da interpretación e aplicación en cada caso do interese superior do menor, teranse en conta os seguintes criterios xerais: (SINALE A INCORRECTA)

- a) A preservación da identidade cultural, relixión, conviccións, orientacións e identidade sexual e idioma do menor, así como a non discriminación do mesmo por estas ou calquera outras condicións.
- b) A consideración dos seus desexos, sentimentos e opinións, así como o seu dereito a participar en todo momento no proceso de determinación do seu interese superior.
- c) A protección do dereito á vida, supervivencia e desenvolvemento do menor e a satisfacción das súas necesidades básicas, tanto materiais, físicas e educativas como emocionais e afectivas.

46.- Segundo a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Ley de Axuizamento Civil, son dereitos do menor:

- a) Dereito á liberdade de expresión, extendido exclusivamente á publicación e difusión das súas opinións.
- b) Dereito a ser ouvido e escoitado.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

47.- Segundo o artigo 17 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Ley de Enxuciamento Civil, serán considerados como indicadores de risco:

- a) A exposición da persoa menor de idade a calquera situación de violencia doméstica ou de xénero.
- b) O abandono do menor, ben porque falten as persoas ás que por lei corresponde o exercicio da garda, ou ben porque stas non queiran ou non poidan exercelas.
- c) A ausencia de escolarización ou falta de asistencia reiterada e non xustificada adecuadamente ao centro educativo e a permisividade continuada ou a indución ao absentismo escolar durante as etapas de escolarización obrigatoria.

48.- A Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, no seu artigo 7 especifica entre as medidas que poden impoñer os Xuices de Menores as seguintes: (SINALA A INCORRECTA)

- a) Internamento terapéutico en réxime pechado ou aberto.
- b) Internamento en réxime aberto.
- c) Asistencia a un centro de día.

49.- Entre os requisitos para realizar a inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia figuran:

- a) Non ter relación de parentesco en línea recta por consanguinidade ou adopción nin colateral por consanguinidade ou adopción ate o terceiro grao.
- b) Ter os dous membros da parella a veciñanza civil galega.
- c) Acreditar un dos membros da parella o empadramento nalgún municipio da Comunidade Autónoma de Galicia

50.- Segundo a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita, terán dereito á mesma:

- a) As vítimas de violencia de xénero e de trata de seres humanos en aqueles procesos que teñan vinculación, deriven ou sexan consecuencia da súa condición de vítimas, cando acrediten insuficiencia de recursos para litigar.
- b) Con independencia da existencia de recursos para litigar, recoñécese o dereito de asistencia xurídica gratuita a aquelas persoas que a causa dun accidente acrediten secuelas permanentes que lles impidan totalmente a realización das tarefas da súa ocupación laboral ou profesional habitual e requiran a axuda doutras persoas para realizar as actividades da vida diaria, cando o obxecto do litixio sexa a reclamación de indemnización polos danos persoais e morais sufridos.
- c) Con independencia da existencia de recursos para litigar, os cidadáns extranxeiros terán dereito á asistencia letrada e á defensa e representación gratuita nos procedementos que poden levar á denegación da súa entrada en España, a súa devolución ou expulsión do territorio español, e en todos os procedementos en materia de asilo.

R1.- As bases reguladoras da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero especifican que a cuantía que poderá alcanzar esta axuda establececese en función das rendas ou ingresos da solicitante da axuda en relación co IPREM vixente, dacordo coa seguinte especificación:

- a) Se os ingresos da solicitante son superiores ao IPREM vixente e iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente, e ate un máximo de 12 mensualidades, con carácter xeral a cuantía da axuda será de 300 €/mes.
- b) Se os ingresos da solicitante son superiores a 1,5 veces o IPREM vixente e iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, e ate un máximo de 12 mensualidades, con carácter xeral a cuantía da axuda será de 300 €/mes.
- c) Se os ingresos da solicitante son iguais ou inferiores ao IPREM vixente, e ate un máximo de 12 mensualidades, con carácter xeral a cuantía da axuda será de 700 €/mes.

R2.- A Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia ofrece unha serie de recursos entre os que está incluído o Programa de Atención Psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, desenvolto a través dun convenio de colaboración asinado co Colexio Oficial de Psicología de Galicia, entre os seus obxectivos figura:

- a) Ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación ás mulleres vítimas de violencia de xénero, aos menores e outras persoas dependentes delas.
- b) Ofertar atención e terapia psicolóxica a persoas que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia e a comunicarse mellor coa súa familia e a súa parella.
- c) As resposta a) e b) son correctas

R3.- Na Guía de recursos fronte á violencia de xénero en Galicia, editada pola Secretaría Xeral da Igualdade, aparece información dos recursos existentes na rede galega de apoio estruturados en diferentes áreas:

- a) Nos recursos de información e atención integral están incluídos o servizo de teletradución, o de asesoramento xurídico online, o centro de recuperación integral para mulleres vítimas de violencia de xénero e a rede galega de información ás mulleres.
- b) Nos recursos no ámbito xudicial están incluídos os puntos de encontro familiar, as oficinas de atención á cidadanía e ás vítimas, asistencia xurídica gratuita e vivendas de seguridade.
- c) Todas as respostas anteriores son correctas.

R4.- A Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece a seguinte modificación no artigo 39:

- a) As bases reguladoras da prestación periódica garantirán un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e establecerán como potenciais beneficiarias ás vítimas de violencia física, violencia psicolóxica, violencia sexual e abusos sexuais e trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.
- b) A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantizará a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que regulará a través dunhas bases reguladoras, que serán aprobadas mediante orde ou resolución.
- c) Dita prestación periódica terá en conta a situación socioeconómica, laboral e familiar das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica con respecto ao seu agresor.

R5.- Segundo o artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, son contratos de servizos:

- a) Aqueles en cuxa virtude un ou varios poderes adxudicadores encomendan a título oneroso a unha ou varias persoas, naturais ou xurídicas, a prestación dun servizo da súa titularidade ou competencia, e cuxa contrapartida veña constituída ben polo dereito para explotar os servizos obxecto do contrato ou ben polo devandito dereito acompañado do de percibir un prezo
- b) Aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario
- c) Aqueles en cuxa virtude un ou varios poderes adxudicadores encomendan a título oneroso a unha ou varias persoas, naturais ou xurídicas, a prestación dun servizo da súa titularidade ou competencia, excluíndo aqueles que impliquen exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos